

Martes, 3 de abril de 2018

Núm. 64

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APERTURA DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2018, acordou aprobar as “Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do viveiro de empresas de servizos” que constan no expediente nº 1000/2018.

De conformidade co disposto no artigo 87 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, as bases incluídas no citado expediente quedarán expostas ao público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cangas (os días laborais en horario de atención ao público) e na Sede Electrónica do mesmo durante o prazo de trinta días contados dende o seguinte á data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, aos efectos de que calquera persoa física ou xurídica presente as alegacións ou observacións que estime oportunas, segundo o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á vista do resultado do trámite de información pública, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o expediente e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Cangas, a 20 de marzo de 2018.—O Alcalde – Presidente Xosé Manuel Pazos Varela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:707SLWZLGDWY6369

